

## BASES

**1ª PARTICIPANTES:** alumnos de Infantil e Primaria de calquera colexio galego da Provincia Marista Compostela.

**2ª TEMA:** deberán ser traballos inéditos, sobre a figura do noso fundador, Marcelino Champagnat, ou calquera outro tema vencellado coa Institución Marista e o seu Bicentenario.

**3ª FORMATO e CATEGORÍAS:**

### PARA CATEGORÍA INFANTIL E 1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

**Decorar en familia unha imaxe** (entregada polo profesorado) de **Marcelino Champagnat**.  
Técnica libre: collage, cera, pintura dedos, etc.

### PARA CATEGORÍA 2º e 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Realizar **unha fotografía** (10 x 15 cm.) que reflicte un momento na vida de Marcelino Champagnat ou uns dos **valores maristas** que coñezas.  
Ir á acompañada por un pé de foto (entregarase o formato do soporte para pegar a foto e poner o pé)

### PARA CATEGORÍA 4º a 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

Facer un **cómic con debuxos** sobre os **tres momentos importantes deste bicentenario** baseándose nos textos que conteñen os tres momentos e que foron achegados pola Provincia Compostela aos colexios.  
Máximo de 9 viñetas nunha folla DIN A3 (entregarase o formato)

4º EP – **Montagne.**

5º EP – **Fourvière.**

6º EP – **La Valla.**

**4ª PRESENTACIÓN:** cada colexio organizará o seu propio sistema de selección previo dos traballos que representarán o seu centro a nivel provincial. Unha vez seleccionados localmente (un por categoría e colexio) enviaranse por correo postal ao seguinte enderezo: Colexio Marista Santa María, r/Bedoya 9, 32004 Ourense, **antes do 15 de abril de 2017**, co título **Concurso Bicentenario EI-EP**.

**5ª PREMIOS:** consistirá nunha tableta por categoría.

**6ª XURADO:** o xurado estará composto polos coordinadores dos Equipos de Dinamización Lingüística, un representante da Provincia Marista Compostela do Equipo de Xestión de Obras Educativas que actuará como secretario e un representante da Editorial Tambre-Edelvives.

**7ª FALLO:** o fallo do xurado, que se comunicará con antelación aos gañadores, farase público na Xornada do Educador Marista do curso 2017-2018, sendo difundido polos medios que a Provincia Marista Compostela considere oportunos. O xurado poderá declarar o premio deserto nalguna categoría se considera que a calidade dos mesmos non é axeitada.

**8ª PROPIEDAD DOS TRABALLOS:** os traballos premiados quedarán a disposición da Provincia Marista Compostela.

**9ª ACEPTACIÓN DAS BASES:** a participación no concurso supón a aceptación total das súas bases e a decisión do xurado que será inapelable.

# Concurso Bicentenario

## INFANTIL E PRIMARIA



Colabora:



EDELVIVES